

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 20 de febreiro de 2020 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción de mellora da capacidade do enlace da vía de altas prestacións (VAP) AG-41 coa PO-504 en Sanxenxo, de clave PO/18/119.01, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado.

Antecedentes:

O proxecto de construción de mellora da capacidade do enlace da vía de altas prestacións (VAP) AG-41 coa PO-504 en Sanxenxo, de clave PO/18/119.01, aprobouse provisionalmente o 24 de outubro de 2019 por resolución do director da Axencia Galega de Infraestruturas e sométese ao trámite de información pública de acordo co artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

A actuación que se propón busca mellorar a capacidade do ramal de enlace de saída da VG-4.1 en dirección Sanxenxo, para o que se proxecta a modificación do ramal existente partindo da estrutura sobre a actual PO-504, desenvolvendo un ramal cun radio de xiro adecuado e ampliando a calzada no treito da estrada entre a glorieta do enlace de Sanxenxo e da PO-504, eliminando o stop existente e dotándoo dun carril adicional, o que permite aumentar a capacidade e mellora considerable do fluxo do tráfico.

A solución é compatible co futuro desdoblamento da VG- 4.1 recollido no proxecto de trazado de desdoblamento da VG-4.1 (AG-41)-A Lanzada (PO-550), de clave PO/08/146.00.

Considerando todo o exposto e o establecido na normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e no artigo 50 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, o mencionado documento sométese ao trámite de información pública, durante un período de trinta días hábiles, contados a partir do



seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular por escrito, ante a Axencia Galega de Infraestruturas, as observacións que crean convenientes relativas á concepción global do trazado deseñado.

Segundo. Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Decreto do 26 de abril de 1957 polo que se aproba o Regulamento de expropiación forzosa, sométese a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.

Terceiro. Do mesmo xeito, sométese o presente proxecto a información pública para os efectos do establecido na lexislación vixente en materia de augas, en relación coa protección do dominio público hidráulico.

Cuarto. A exposición ao público, para os efectos da presente resolución, realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas de Pontevedra (avenida M^a Victoria Moreno, 43-1º, 36071 Pontevedra) e no Concello de Sanxenxo (rúa Consistorio, 4-6, 36960 Sanxenxo, Pontevedra).

Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/organizacion/c/CIV_Axencia_Galega_de_Infraestruturas), atópase á disposición dos interesados o proxecto de construción.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2020

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

CVE-DOG: u5d6hox8-tlr8-rip1-obs8-izlawt8ktgu5





ANEXO

Relación de bens, dereitos e propietarios afectados

Proxecto de construción de mellora da capacidade do enlace da vía altas prestacións (VAP) AG-41 coa PO-504 en Sanxenxo, clave PO/18/119.01

Concello de Sanxenxo

Nº orde	Ref. catastral	Polígono	Parcela	Titular	Superficie catastral (m ²)	Natureza	Clas. urbanística	Afeccións m ²			
								Subparcela	Exprop.	Ocup. temporal	Total
001	36051A04700653	47	653	González Garrido, Joaquina	517	Urbano	SU		165	0	165
002	36051A04700654	47	654	Padín González, M ^a Araceli	675	Urbano	SU		78	0	78
003	36051A04700656	47	656	Martínez Peón, Dionisio	691	Urbano	SU		42	0	42
004	36051A04700657	47	657	Construferga, S.L.	1.138	Urbano	SU		66	0	66
005	36051A04700658	47	658	Esperón Camiña, Eduardo	1.270	Urbano	SU	^a 827 m ²	83	0	83
006	36051A04700659	47	659	Seijas Amado, Luis Martínez Otero, Isabel	1.717	Urbano	SU	^a 376 m ²	22	0	22
				Seijas Amado, Luis Martínez Otero, Isabel	1.717	Urbano	SU	^c 77 m ²	77	0	77
007	36051A04700711	47	711	Distribuidora Internacional de Alimentación, S.A.	2.886	Urbano	SU		243	0	243
008	36051A04700713	47	713	Riveiro Berdullas, Juan (herdeiros de)	160	Urbano	SU		65	0	65
009	36051A04700786	47	786	Inversiones Veiga Nova, S.L.	3.759	Rústico	SUNS	^b 2667 m ²	0	475	475

